

# MUSEO ETNOGRÁFICO DE SAN PAIO DE NARLA

Torre de Xiá, Friol (Lugo). Tfno.: 982 375 156

## Sábado, 16 de maio de 2009

Horario de apertura: De 12:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 20:00 h.

### Visita guiada

12:00 h.: Visita guiada para os integrantes do grupo "Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo".

### Narración oral

12:00 h.: O espectáculo da palabra, por **Cándido Pazó**.

## Domingo, 17 de maio de 2009

### DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Horario de apertura: de 12:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 20:00 h.

"Un museo cheo de libros". Para conmemorar o Día das Letras Galegas, dedicado este ano a **Ramón Piñeiro**, a persoa visitante poderá levar para a súa casa un libro en galego (ata fin de existencias), un agasallo escollido entre os fondos editados polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

### Visita guiada

12:15 h.: Visita guiada para os integrantes do grupo "Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo".

## Luns, 18 de maio de 2009

### DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS

Horario de apertura: De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h. Haberá agasallos para os visitantes que se acheguen ao museo nesta data.

### Teatro escolar

A serpe da cova (un divertimento). Montaxe a cargo do grupo de teatro "**Algo máis que pan e queixo**", do CPI Dr. López Suárez, de Friol (Lugo)  
1.ª función: luns, 18 de maio, ás 12:00 h.  
2.ª función: martes, 19 de maio, ás 12:00 h.  
3.ª función: mércores, 20 de maio, ás 12:00 h.

## E ADEMAIS...

Sala de exposicións do Museo Provincial de Lugo  
REXISTROS ABERTOS.  
Materias, contextos e narrativas na arte galega actual  
(do 3 de abril ao 31 de maio de 2009)

Sala de exposicións do Pazo de San Marcos  
(sede da Deputación de Lugo)  
INCISIÓNS  
(do 5 ao 24 de maio de 2009)

16  
17  
18  
maio

DÍA  
INTERNACIONAL  
dos MUSEOS  
09

## REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Museo Provincial de Lugo  
Museo Provincial do Mar  
Pazo de Tor  
Museo Etnográfico de San Paio de Narla


Durante esta fin de semana conmemóranse tres importantes efemérides: o sábado, día 16, pola noite, a **Noite dos Museos**, o domingo, día 17, o **Día das Letras Galegas**, e o luns, día 18, o **Día Internacional dos Museos**, baixo o lema **Museos e turismo**.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo queren ser parte activa nestas datas e programan unha serie de actos que teñen como obxectivo prioritario a intercomunicación cos seus visitantes.

O ICOM e a FMAM teñen asignada a misión ética de velar para que o turismo respecte as culturas do mundo enteiro na súa interacción con elas e, tamén, para que as condutas e os enfoques relacionados co turismo teñan en conta non só o patrimonio cultural e inmaterial do pasado dos pobos, senón tamén as expresións actuais da súa cultura. O coñecemento dos lugares de destino das correntes turísticas, das culturas presentes neles, do seu patrimonio natural e histórico, do seu valor científico específico e da súa beleza teñen que contribuír a un mellor entendemento destes elementos por parte das poboacións locais e, por conseguinte, a un fortalecemento da súa autoestima e a súa identidade cultural. O turismo cultural sostible incumbe moitos grupos de persoas, lugares e entidades: os turistas e as poboacións locais; os museos, sitios arqueolóxicos e paisaxes; as empresas turísticas e os poderes públicos. Por iso, é polo que é necesario sensibilizar a todos eles cara ao turismo sostible e asesoralos sobre as prácticas idóneas en materia de xestión das correntes turísticas. Para alcanzar estes obxectivos, os museos deben dirixirse aos turistas dunha forma moito máis directa do que fixeron ata agora. O contido educativo dun museo debe contribuír a un mellor coñecemento da historia, a cultura e o contorno dos pobos, así como a promover unha evolución nas condutas dos seus visitantes e fortalecer os valores da tolerancia. En última instancia, isto conducirá a respectar os modos de vida, as relixións, as ideas e os costumes sociais diferentes dos propios, facendo ademais que o turismo sexa máis compatible co contorno.

O ICOM e a FMAM consideran que os turistas que coñecen mellor as culturas e reservas naturais visitadas e están máis preparados para o contacto con elas contribúen positivamente ao desenvolvemento sostible, así como á protección das sociedades e das paisaxes que van contemplar. De aí a importancia de fornecerlles aos turistas os coñecementos e a preparación necesarios. Isto é imprescindible porque, con frecuencia, a súa conduta afástase moito da observada na súa vida cotiá e atense a esquemas sociais e educativos que non lles corresponden forzosamente ás expectativas ou puntos de vista dos que viven nos lugares que visitan...

[Extracto da Declaración do Consello Internacional de Museos (ICOM) e a Federación Internacional de Amigos dos Museos (FMAM) en prol dun turismo cultural sostible no mundo enteiro]



## **BOTELLA AO MAR: UN BERRO POLO FUTURO DA LINGUA GALEGA**

Durante a semana que vai desde o día 12 ata o 18 de maio os catro museos da Rede da Deputación de Lugo terán a disposición do público, especialmente para o alumnado que os visite, unha botella na que recoller mensaxes de esperanza para o futuro da lingua galega.

O luns, 18 de maio (Día Internacional dos Museos), todas as mensaxes serán trasladadas ao Museo Provincial do Mar de San Cibrao para que os participantes no obradoiro “Botella ao mar” as liberen entre as ondas, que son ronsel de futuro e de esperanza.

## **MUSEO PROVINCIAL DE LUGO**

Praza da Soidade, s/n, Lugo (Lugo). Tfno.: 982 242 112

### **Sábado, 16 de maio de 2009 NOITE DOS MUSEOS**

Horario de apertura: De 10:30 a 14:00 h. e de 16:30 a 00:00 h.

#### **Visita guiada**

10:30 h.: Visita guiada para os integrantes de “Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo”.

#### **A creatividade sen límites**

De 11:00 a 13:00 h.: Obradoiro experimental de creación artística a cargo de **Iván Prieto**. Con inscrición previa.

Limitado a 15 participantes entre os 8 e os 14 anos.

#### **Castrexos e romanos**

Membros da Asociación Cultural “Terra Copora” farán diferentes representacións de carácter histórico, tanto no interior como no exterior do edificio do MPL.

19:00 h.: A comitiva repartirá información dos actos na praza da Soidade.

19:30 h.: Os figurantes castrexos e romanos estableceranse nos seus puntos representación, previamente delimitados, no interior e exterior do MPL.

21:00 h.: Un destacamento da Cohorte partirá do Museo para facer un percorrido polas rúas do centro da cidade. Os auxiliares invitarán aos viandantes a asistir aos actos previstos no MPL pola noite.

#### **Visita-concerto: Paloma Suanzes**

Como en anos anteriores o Museo Provincial de Lugo súmase ao programa da Dirección dos Museos de Francia, denominado “A noite dos museos” e proponlle ao visitante asistir a:

22:00 h.: Visita-concerto musical. Percorrido por distintas salas do museo guiados pola voz e a música de Paloma Suanzes.

### **Domingo, 17 de maio de 2009 DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

Horario de apertura: De 11:00 a 14:00 h.

“**Un museo cheo de libros**”. Para conmemorar o Día das Letras Galegas, dedicado este ano a **Ramón Piñeiro**, o visitante poderá levar para a súa casa un libro en galego (ata fin de existencias), un agasallo escollido entre os fondos editados polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

#### **Visita guiada**

11:00 h: Visita guiada para os integrantes de “Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo”.

### **Luns, 18 de maio de 2009 DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS**

Horario de apertura: De 10:30 a 20:30 h.

Haberá agasallos para todos visitantes que se acheguen ao museo nesta data.

#### **Narración oral**

11:00 h: O espectáculo da palabra, por **Cándido Pazó**.

12:30 h: O espectáculo da palabra, por **Cándido Pazó**.

#### **Rexistros abertos**

20:00 h: Visita á exposición Rexistros abertos, comentada polo comisario da mostra **Rafael Lens**.

## **MUSEO PROVINCIAL DO MAR**

San Cibrao, Cervo (Lugo). Tfno.: 982 594 572

### **Sábado, 16 de maio de 2009**

Horario de apertura: De 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.

#### **Viaxe**

Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Visitamos o Museo Etnográfico de San Paio de Narla, o Museo Provincial de Lugo e o Pazo de Tor.

Autobús gratuíto. Inscricións no Museo Provincial do Mar

09:00 h.: Saída de San Cibrao.

De 10:30 a 11:30 h.: Visita ao Museo Provincial de Lugo.

De 12 a 13:00 h.: Visita ao Museo Etnográfico de San Paio de Narla.

De 14:30 a 16 h.: Xantar en Monforte de Lemos por conta das persoas asistentes.

De 16:00 a 18:00 h.: Visita ao Pazo de Tor.

De 18:00 a 19:00 h.: Paseo por Monforte de Lemos.

21:00 h: Chegada de regreso a San Cibrao.

#### **Ciclo de conferencias: Historia de Galiza.**

18:30 h: Conferencia de **Anselmo López Carreira**, co título “A Idade Media”. Organiza a Asociación Cultural MariñaPatrimonio.

### **Domingo, 17 de maio de 2009 DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

Horario de apertura: De 11:00 a 14:00 h.

“**Un museo cheo de libros**”. Para conmemorar o Día das Letras Galegas dedicado este ano a **Ramón Piñeiro**, a persoa visitante poderá levar para a súa casa un libro en galego (ata fin de existencias), un agasallo escollido entre os fondos editados polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

#### **Visita guiada**

16:00 h: Visita guiada para os integrantes do grupo “Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo”.

#### **Narración oral**

12:00 h: O espectáculo da palabra, por **Cándido Pazó**

### **Luns, 18 de maio de 2009 DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS**

Horario de apertura: De 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Haberá agasallos para as persoas visitantes que se acheguen ao museo nesta data.

#### **Botella ao mar**

De 18:00 a 20:00 h: Obradoiro literario a cargo de **Paco Rivas**. Todas as mensaxes recollidas nos outros museos da Rede Museística serán botadas ao mar polos participantes neste obradoiro.

## **PAZO DE TOR**

Tor, Monforte de Lemos (Lugo) Tfno.: 982 165 534

### **Sábado, 16 de maio de 2009 NOITE DOS MUSEOS**

#### **Visita guiada**

16:00 h: Visita guiada para os integrantes do grupo “Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo”.

#### **Narración oral**

18:00 h: O espectáculo da palabra, por **Cándido Pazó**.

#### **Prestrea da película: O labirinto ario**

21:00 h: Prestrea da curtametraxe O labirinto ario, gravada no Pazo de Tor

#### **Presentación do disco de Xoán Curiel: Nai**

22:00 h: Presentación do primeiro álbum de Xoán Curiel, con influencia de ritmos étnicos do mundo (música tradicional galega, da África subsahariana, árabes e sons latinos). Ademais interpretará unha selección de cancións de cantantes brasileiros que cantan o mundo do cosmos e as estrelas, con motivo da celebración do Ano da Astronomía.

#### **Mirando o ceo**

22:30 h: Para descubrir as estrelas, actividade conmemorativa do Ano Internacional da Astronomía 2009, a cargo de Francisco García da Agrupación Astronómica Lucense. A realización desta actividade dependerá das condicións meteorolóxicas.

### **Domingo, 17 de maio de 2009 DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

**Visitas guiadas ás 11:00, 12:30, 16:30 e 18:00 h.**

#### **Viaxe**

Museos e turismo, unha viaxe polos museos da Rede Museística da Deputación de Lugo.

Visítase o Museo Etnográfico de San Paio de Narla, o Museo Provincial de Lugo e Museo Provincial do Mar de San Cibrao. Autobús gratuíto. Inscricións no Pazo de Tor.

09:00 h: Saída de Monforte de Lemos.

De 11:00 a 11:45 h: Visita ao Museo Provincial de Lugo.

De 12:15 a 13:00 h: Vista ao Museo Etnográfico de San Paio de Narla.

De 14:30 a 16:00 h: Xantar en San Cibrao por conta dos asistentes.

De 16:00 a 18:00 h: Visita ao Museo Provincial do Mar.

De 18:00 a 19:00 h: Paseo por San Cibrao.

21:00 h: Chegada a Monforte de Lemos.

“**Un museo cheo de libros**”. Para conmemorar o Día das Letras Galegas, dedicado este ano a **Ramón Piñeiro**, o/a visitante poderá levar para a súa casa un libro en galego (ata fin de existencias), un agasallo escollido entre os fondos editados polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo.

### **Luns, 18 de maio de 2009 DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS**

**Visitas guiadas ás 11:00, 12:30, 16:30 e 18:00 h.**

Haberá agasallos para as persoas visitantes que se acheguen ao museo nesta data.

#### **Un pazo de cine**

A partir das 11:00 h, mostra de imaxes de películas, actores e actrices que gravaron cine no Pazo de Tor.